

CONTA SATÉLITE DA CULTURA DE GALICIA. Base 2010

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

A Conta Satélite da Cultura enmárcase dentro do Sistema de Contas Económicas de Galicia. O seu obxectivo principal é proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural, que permita valorar a importancia deste sector no conxunto da economía galega, así como pór de manifesto a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

As contas satélite permiten afondar no coñecemento dun determinado aspecto da economía dun territorio, ampliando a información do sistema de contas económicas. No eido da cultura, existe bastante información dispersa sobre a materia. Neste contexto, unha conta satélite axuda a sintetizar toda esta información. Ademais, o feito de cuantificar as actividades culturais dentro do marco das Contas Económicas de Galicia, que se elaboran seguindo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), permite a comparabilidade dos resultados obtidos cos doutros sectores económicos da propia rexión, e cos obtidos para outros espazos económicos que tamén realizan contas satélites baixo o paraugas do SEC-2010.

O obxectivo de todo sistema de contas é obter indicadores económicos que permitan analizar a evolución da oferta, da demanda e da distribución das rendas dun territorio. A Conta Satélite da Cultura de Galicia céntrase, principalmente, no lado da oferta. Neste senso, o obxectivo fundamental dende o enfoque da oferta é a estimación das compoñentes da conta de produción (produción, consumos intermedios e Valor Engadido Bruto (VEB)), para distintos sectores culturais e distintas fases dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Isto permite cuantificar a achega do sector cultural ao Produto Interior Bruto (PIB) galego. O enfoque da oferta complementábase con indicadores relativos ao emprego (tanto remunerado coma non remunerado) e a estimación da conta de explotación (remuneración de asalariados, outros impostos sobre a produción netos de subvencións e o Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta) do sector cultural no seu conxunto.

Non obstante, se ben esta operación se basea principalmente no lado da oferta, tamén proporciona estimacións do sector da cultura dende o punto de vista da demanda, coma o gasto en consumo final dos fogares en produtos e servizos culturais ou o gasto das Administracións Públicas nos ditos bens.

Delimitación do sector cultural

A delimitación do sector da cultura non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise da cultura.

O punto de partida, e principal referencia, á hora de elaborar a Conta Satélite da Cultura de Galicia foi o informe final do Leadership Group on Cultural Statistics (LEG)¹. O LEG foi un grupo de traballo formado por expertos no ámbito da cultura que tiña por obxecto construír, a escala europea, un sistema de información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. O proxecto do LEG tomaba como referencia, a súa vez, un traballo previo da UNESCO² no cal se propuña unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas culturais, e que o LEG adoptou na súa meirande parte³. En 2009 Eurostat e os ministros de Cultura da Unión Europea impulsaron a creación dun novo grupo de traballo, o ESSnet-Culture⁴, co obxectivo de relanzar a cooperación entre os Estados membros en materia de cultura e revisar o marco europeo elaborado polo LEG, adaptándoo aos cambios metodolóxicos e sociodemográficos experimentados nas últimas décadas.

No ámbito estatal, contamos coa experiencia do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o cal elabora, en colaboración co Instituto Nacional de Estatística, unha Conta Satélite da Cultura española con resultados que se remontan ao ano 2000. A nivel autonómico destacan as experiencias dos institutos estatísticos de Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélite adoptan como referencia as propostas de Eurostat (primeiro a través do LEG e logo do ESSnet-Culture), adaptando as súas clasificacións ás condicións específicas das súas rexións.

No caso galego, tivéronse en conta todas estas referencias metodolóxicas e adaptouse a delimitación do sector proposta por Eurostat ás especificidades do sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información. Nesta labor contouse co asesoramento do Observatorio da Cultura Galega, en particular no caso dalgunhas actividades cuxa inclusión no eido da cultura xeraba dúbidas⁵. Ademais, tratouse de garantir na medida do posible a comparabilidade coa conta española, o que permite contextualizar o sector da cultura galego no conxunto de España⁶.

¹ EUROSTAT, "Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG", 2000.

² UNESCO. Institute for Statistics, "The UNESCO Framework for Cultural Statistics (FSC)", 1986; a este traballo seguiu un posterior presentado en 2009 (UNESCO. Institute for Statistics, "2009 UNESCO Framework for Cultural Statistics", 2009).

³ O marco de Eurostat deixa fóra, entre outras, as actividades deportivas, o turismo de tipo cultural, determinados produtos de tipo ornamental (como a cerámica e a xoiería) e as telecomunicacións.

⁴ European Statistical System Network on Culture (ESSnet_Culture), "Final Report", 2012.

⁵ É o caso da publicidade, no que non hai acordo unánime sobre se debe ou non ser considerada dentro da cultura. O marco orixinal de Eurostat, elaborado polo LEG, non a incluía; non obstante, no marco actualizado desenvolvido polo ESSnet-Culture si aparece. A conta satélite española, pola súa parte, opta por deixala fóra do sector cultural e vencellala ás actividades relacionadas coa propiedade intelectual.

⁶ A delimitación utilizada na Conta Satélite da Cultura de Galicia comprende practicamente todas as actividades incluídas na española, coa excepción das ensinanzas culturais. O motivo que levou a non considerala no caso galego foi que non se dispón de información co suficiente grao de detalle como para illar as actividades educativas relacionadas coa cultura.

O sector cultural pode delimitarse dende dous puntos de vista complementarios: en función do tipo de actividade cultural en si mesma ou en función da súa situación dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Atendendo ao primeiro, dividimos o sector cultural galego en cinco sectores:

- **Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas:** inclúe a explotación dos monumentos e edificios históricos, os museos, os xacementos arqueolóxicos e as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais⁷. Neste sector recóllense tamén as actividades vencelladas aos arquivos e ás bibliotecas.
- **Libros e prensa:** inclúe as actividades relacionadas co libro, a prensa e as publicacións periódicas (revistas, etc.).
- **Artes visuais:** abrangue todo tipo de artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura. Tamén se inclúe neste sector a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado.
- **Artes escénicas:** comprende diversas manifestacións de arte caracterizadas pola súa difusión en forma de espectáculos escénicos en vivo, coma o teatro, a ópera, os concertos musicais, o circo, etc.
- **Audiovisual e multimedia:** comprende dous subsectores: o da radio e a televisión, por unha banda, e o cine, vídeo e música gravada, pola outra.

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases:

- **Creación e produción:** nesta fase inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, como pode ser a realizada por artistas (pintores, escultores, etc.), autores e intérpretes. Comprende tamén as actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Nesta fase obtense o que podería denominarse “ben ou servizo primario”, susceptible xa de ser reproducido para o seu consumo. Tomando como exemplo a elaboración dun libro, o manuscrito escrito sería unha actividade de creación e da fase de produción encargaríase a editorial.
- **Fabricación:** abrangue as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios. A diferenza da fase de produción, na de fabricación non se engade valor ao contido cultural do ben. Seguindo co exemplo do libro, a fase de fabricación sería levada a cabo pola rama de actividade das artes gráficas.

⁷ Neste punto tamén existe unha discrepancia entre a delimitación desenvolvida por Eurostat e a propia conta española e a delimitación galega, xa que as primeiras non inclúen as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais no eido da cultura. No caso galego optouse por incluíla xa que as fontes das que se obtén a información para a súa análise non permiten illar as ditas actividades das restantes que compoñen a rama 91 da CNAE-2009 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), que si se inclúen no campo da cultura.

- **Difusión, distribución e comercialización:** inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou ao consumidor. Este bloque comprende aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, coma o cine e a televisión).
- **Actividades de promoción e regulación:** abrangue as actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas.
- **Actividades auxiliares:** esta fase comprende actividades auxiliares ás fases de creación e produción, por medio das cales se obteñen produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital nestas. Trátase de actividades que, aínda que non proporcionan bens e servizos culturais en sentido estrito, teñen unha indubidable connotación cultural. Un exemplo sería a fabricación de instrumentos musicais. Nesta fase tamén se inclúen actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais, por medio das cales se obteñen produtos destinados ao consumidor final, que lle permitirán o uso e desfrute de bens e servizos culturais (como a venda de equipamentos de audio e vídeo). Finalmente, exclúense as actividades auxiliares á fase de fabricación, dado que se trata de producións de bens moi afastados do contexto da cultura. Así, unha actividade auxiliar ás artes gráficas como pode ser a fabricación de tintas de imprenta non se inclúe no eido da cultura por estar moi afastado do ben cultural producido (o libro, neste caso).

No cadro seguinte amósanse as actividades consideradas dentro de cada fase, xunto co sector cultural ao que pertencen, en función da clasificación de actividades utilizada no sistema galego de contas: a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009).

Táboa 1. Ramas da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada fase e sector da cultura

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
CREACIÓN E PRODUCCIÓN	58.1	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	Libros e prensa
	59 (D)*	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	Audiovisual e multimedia
	60 (D)*	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	Audiovisual e multimedia
	63.91	Actividades das axencias de noticias	Libros e prensa
	71.11	Servizos técnicos de arquitectura	Artes visuais
	73.1	Publicidade	Artes visuais
	74.1	Actividades de deseño especializado	Artes visuais
	74.2	Actividades de fotografía	Artes visuais
	90.01	Artes escénicas	Artes escénicas
	90.02	Actividades auxiliares das artes escénicas	Artes escénicas
	90.03 (D)**	Creación artística e literaria	Libros e prensa
	90.03 (D)**	Creación artística e literaria	Artes visuais
	91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas
FABRICACIÓN	18.1	Artes gráficas e servizos relacionados con elas	Libros e prensa
	18.2	Reproducción de soportes gravados	Audiovisual e multimedia

* As ramas 59 a 60 da CNAE-2009 inclúense ao completo na Conta Satélite da Cultura de Galicia (en adiante, CSC), só que unha parte das mesmas intégrase na fase de creación e produción e outra parte na fase de difusión, distribución e comercialización. En concreto, as divisións 59.12, 59.15, 59.16, 59.20 e unha parte da 60.2 corresponden á fase de creación e produción, e as divisións 59.14, 59.17, 59.18, 60.1 e a outra parte da 60.2 á fase de difusión.

** A división 90.03 inclúese ao completo na CSC, pero distribúese entre dous sectores distintos: o de libros e prensa, que comprende a creación literaria, e o de artes visuais, que comprende a creación artística (pintores, escultores, etc.).

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	46.43 (p)*	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	Artes visuais
	46.43 (p)*	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	Audiovisual e multimedia
	46.49 (p)*	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	Libros e prensa
	46.49 (p)*	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	Artes escénicas
	47.1 (p)**	Comercio a retallo en establecementos non especializados	Libros e prensa
	47.1 (p)**	Comercio a retallo en establecementos non especializados	Audiovisual e multimedia
	47.43	Comercio a retallo de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados	Audiovisual e multimedia
	47.61	Comercio a retallo de libros en establecementos especializados	Libros e prensa
	47.62 (p)**	Comercio a retallo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	Libros e prensa
	47.63	Comercio a retallo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	Audiovisual e multimedia
	47.78 (p)**	Outro comercio a retallo de artigos novos en establecementos especializados	Artes visuais
	47.79 (p)**	Comercio a retallo de artigos de segunda man en establecementos especializados	Artes visuais
	47.91 (p)**	Comercio a retallo por correspondencia ou internet	Libros e prensa
	47.91 (p)**	Comercio a retallo por correspondencia ou internet	Audiovisual e multimedia
	47.99 (p)	Outro comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda, nin en feiras	Libros e prensa

* Na CSC inclúese só unha parte dos produtos comercializados por empresas pertencentes á división 46.43 da CNAE-2009; en concreto, o comercio de equipos de radio, televisión, vídeo, CD, DVD, discos, e fitas de audio e vídeo, que se integra no sector de audiovisual e multimedia, e o comercio de artigos fotográficos e ópticos, no sector das artes visuais. Da división 46.49 da CNAE só se inclúe o comercio por xunto de libros, xornais e revistas, no sector co mesmo nome, e o comercio por xunto de instrumentos musicais, no sector das artes escénicas.

** Ao igual que sucedía co comercio polo xunto, no referido ao comercio a retallo (rama 47 da CNAE-2009), a CSC só inclúe o de aqueles bens relacionados coa cultura. Esta rama é moi ampla e desagregase en distintas divisións, atendendo ao punto de venda (en establecementos, por correo ou internet, en feiras e mercadillos, etc.), ás características do ben (novo ou usado) e ao tipo de produtos comercializado. Algunhas destas divisións pertencen claramente á cultura, como a 47.61, a 47.62 (exclúense os artigos de papelería) e a 47.63, ao agruparen a empresas que comercian cunha única gama de bens de tipo cultural. Pero no caso das divisións 47.1, 47.78, 47.79, 47.91 e 47.99, que agrupan a un variado número de empresas que venden distintos bens, non necesariamente culturais, a súa inclusión na CSC quedará supeditada a que unha parte considerable da súa cifra de negocios proceda da venda directa de bens culturais.

FASE	CNAE-09	DESCRIPCIÓN CNAE	SECTOR
DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	59 (D)	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	Audiovisual e multimedia
	60 (D)	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	Audiovisual e multimedia
	77.22	Aluguer de fitas de vídeo e discos	Audiovisual e multimedia
	90.04	Xestión de salas de espectáculos	Artes escénicas
PROMOCIÓN E REGULACIÓN	84.12 (p)*	Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguraza social	Interdisciplinar
ACTIVIDADES AUXILIARES	20.59 (p)**	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	Artes visuais
	26.3 (p)**	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	Audiovisual e multimedia
	26.4 (p)**	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	Audiovisual e multimedia
	26.7 (D)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	Artes visuais
	26.7 (D)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	Audiovisual e multimedia
	26.8	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	Audiovisual e multimedia
	32.2	Fabricación de instrumentos musicais	Artes escénicas
	74.9 (p)***	Otras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	Artes escénicas
	74.9 (p)***	Otras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	Audiovisual e multimedia

* A división 84.12 comprende a regulación levada a cabo polas administracións públicas nos campos sanitario, educativo, cultural e social. Na CSC só se inclúen as actividades relacionadas coa promoción da cultura en Galicia. Intégrase nun sector que non se mencionou con anterioridade, "interdisciplinar", ante a imposibilidade de asignar estas accións do sector público a un sector concreto.

** Da división 20.59 só se inclúe a fabricación de placas e películas fotográficas, papel fotográfico e demais produtos relacionados coa fotografía; da división 26.3, a fabricación de emisores de radio e televisión e de cámaras de televisión; e da división 26.4, a fabricación de receptores de radiodifusión, televisores, aparatos de reprodución de son, e outros equipamentos relacionados co audiovisual e multimedia

*** Da división 74.9, inclúese na CSC, no sector das artes escénicas, a labor de axentes e representantes de artistas e das empresas dedicadas ao montaxe e contratación de espectáculos; e no sector do audiovisual e multimedia, as actividades realizadas polos colaboradores-tertulianos de radio e televisión.

(D) Inclúese a rama ou división da CNAE-2009 ao completo, pero distribúese entre sectores ou fases da cultura distintos

(p) Non se inclúe a rama ou a división da CNAE-2009 ao completo, senón só unha parte da mesma

Pode resumirse esta dobre clasificación, por sector cultural e fase no proceso produtivo, nun cadro de dobre entrada coma o seguinte:

Táboa 2. Ramas da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada sector e fase cultural

CÓDIGO	Creación e produción	Fabricación	Difusión, distribución e comercialización	Promoción e regulación	Actividades auxiliares
Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	91				
Libros e prensa	58.1; 63.91; 90.03 (D)	18.1	46.49 (p); 47.1 (p); 47.61; 47.62 (p); 47.91 (p); 47.99 (p)		
Artes visuais	71.11; 73.1; 74.1; 74.2; 90.03 (D)		46.43 (p); 47.78 (p); 47.79 (p)		20.59 (p); 26.7 (D)
Artes escénicas	90.01; 90.02		46.49 (p); 90.04		32.2; 74.9 (p)
Audiovisual e multimedia	59 (D); 60 (D)	18.2	46.43 (p); 47.1 (p); 47.43; 47.63; 47.91 (p); 59 (D); 60 (D); 77.22		26.3 (p); 26.4 (p); 26.7 (D); 26.8; 74.9 (p)
Interdisciplinar				84.12 (p)	

2. Ámbito de investigación

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é Galicia. A economía rexional está formada por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese no territorio económico de Galicia.

O territorio económico está constituído esencialmente polo territorio xeográfico, aínda que non coincide exactamente con este.

Un centro de interese económico indica que no territorio económico existe un lugar dende o cal se realizan operacións económicas durante un período determinado (un ano ou máis).

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base e dos resultados é o ano natural.

3. Definicións, fontes de información e aspectos metodolóxicos

3.1. Definicións

Os conceptos que se manexan na Conta Satélite da Cultura de Galicia coinciden cos do Sistema de Contas Económicas, do que tamén forma parte o Marco Input-Output. Como se verá no apartado correspondente, a información obtida por medio desta operación será o punto de partida para realizar as estimacións da cultura en Galicia. Polo tanto, á hora de definir os conceptos en estudo e aspectos metodolóxicos debemos apoiarnos na metodoloxía do Marco Input-Output.

O Sistema de Contas Económicas de Galicia elabórase seguindo as recomendacións marcadas polo Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), como se mencionou nun apartado precedente. Seguindo este manual, a análise dunha economía pode realizarse dende a óptica interior ou rexional. O concepto interior fai referencia ás variables, fluxos e operacións que se producen nun territorio económico determinado, ou ás unidades que operan nel, trátase ou non de unidades residentes na rexión en estudo. O concepto rexional fai referencia ás operacións realizadas por unidades rexionais, aínda que as ditas operacións se realicen no propio territorio ou noutro. O Marco Input-Output e, polo tanto, a Conta Satélite da Cultura de Galicia, analizan a economía dende a perspectiva interior, polo que recollen as operacións de residentes e non residentes no territorio económico galego.

O SEC-2010 define, ademais, dous tipos de unidades económicas, que se corresponden con dúas formas diferentes de dividir a economía: as unidades institucionais, que son as unidades adecuadas para describir a renda, o gasto, os fluxos financeiros e os balances, e as unidades de actividade económica locais (en diante, UAE locais), que son as unidades idóneas para describir os procesos de produción e levar a cabo a análise input-output. A unidade institucional

defínese, de forma moi sucinta, como aquela que dispón de autonomía de decisión no exercicio da súa actividade principal e dun conxunto completo de contas. Dende o enfoque da oferta, que é o que nos interesa, o arquetipo de unidade institucional sería unha empresa, que produce distintos tipos de bens e servizos, dende varios establecementos situados no territorio económico considerado. Unha UAE local, pola súa parte, é unha unidade institucional ou a parte desta que produce un tipo concreto de bens e servizos. No exemplo da empresa como modelo de unidade institucional, as súas UAE locais serían os distintos establecementos dos que dispón e dende os que realiza a súa actividade produtiva. As UAE locais son, en xeral, a unidade última da cal se dispón de información. Agrúpanse en ramas de actividade (grupos de UAE locais que desenvolven unha actividade económica similar), en función da súa actividade principal (aquela con maior valor engadido).

Esta operación céntrase fundamentalmente no estudo da oferta, polo que as unidades que se deben valorar para a realización desta análise son as UAE locais. Máis concretamente, aquelas cuxo centro de interese económico está situado no territorio económico galego (os establecementos situados dentro das fronteiras galegas), e cuxa actividade se encadra dentro do ámbito cultural (é dicir, correspóndese cunha das ramas especificadas nas táboas 1 e 2).

A continuación, defínense os principais conceptos utilizados nesta operación, que se poden consultar con maior detalle no SEC-2010:

Produción: é unha actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos para producir outros bens e servizos.

Consumos intermedios: representan o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción. Non se inclúen os activos fixos, cuxo consumo debe rexistrarse como consumo de capital fixo.

Valor engadido bruto (VEB): é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. A suma dos valores engadidos brutos, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos, dan como resultado o Produto Interior Bruto polo lado da oferta.

Remuneración de asalariados: comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable.

Impostos sobre a produción e as importacións: son pagamentos obrigatorios sen contrapartida, recadados polas administracións públicas, que gravan a produción e as importacións de bens e servizos, a utilización de man de obra, a propiedade ou o uso da terra, edificios e outros activos utilizados na produción.

Subvencións: son pagamentos correntes sen contrapartida que as administracións públicas ou as institucións da Unión Europea efectúan aos produtores residentes coa finalidade de influír nos seus niveis de produción, nos seus prezos, ou na remuneración dos factores de produción. Cando no contexto da conta de explotación se fala de impostos netos sobre a

producción e as importacións refírese a que ao importe dos ditos impostos se resta o correspondente ás subvencións recibidas.

Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. É o saldo da conta de explotación. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta.

Gasto en consumo final: consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades individuais (os fogares), ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade (realizado polas administracións públicas e as institucións sen fins de lucro). Este gasto pode realizarse no territorio económico ou no resto do mundo; é a única variable da Conta Satélite da Cultura que responde a unha perspectiva rexional e non interior.

Produto Interior Bruto (PIB): é o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes. Nas contas económicas anuais estímase o PIB por tres vías: oferta, demanda e rendas⁸. No caso da Conta Satélite da Cultura de Galicia, o PIB do sector cultural obtense pola vía da oferta.

Emprego: comprende todas as persoas, tanto asalariados como traballadores autónomos, que realizan unha actividade produtiva incluída dentro da fronteira da produción do sistema. Este concepto de emprego difire do utilizado nas estatísticas de forza de traballo en que inclúe o emprego dos non residentes que traballan en Galicia e exclúe o emprego dos residentes en Galicia que traballan fóra.

Asalariado: toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade institucional residente e recibe unha remuneración.

Traballador autónomo (emprego non asalariado): son os propietarios ou copropietarios das empresas non constituídas en sociedade nas que traballan.

Posto de traballo: defínese como un contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio dunha remuneración (inclúe a renda mixta dos traballadores autónomos) durante un período definido ou indefinido de tempo.

O concepto de posto de traballo difire do concepto de emprego, nos seguintes aspectos:

- Inclúe o segundo, terceiro, etc., postos de traballo que ocupa a mesma persoa.
- Exclúe ás persoas que, temporalmente, non están traballando, pero que teñen "un vínculo formal co seu posto de traballo"; por exemplo, unha garantía de reincorporación ao traballo ou un acordo sobre a data de reincorporación.

Horas traballadas: representa a cifra global de horas efectivamente traballadas durante o período contable, no ámbito das actividades produtivas que se inclúen dentro da fronteira da

⁸ Na metodoloxía desta operación detállase como se realiza o cálculo desta magnitude polas tres vías (en http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_contas_economicas_gl.pdf).

producción. Inclúese neste cómputo as horas extraordinarias, os períodos dedicados ao mantemento, reparación, preparación e limpeza, o tempo en situación de espera por motivos de falta de traballo e o correspondente a períodos breves de descanso no lugar de traballo. Exclúense as remuneradas pero non traballadas, por vacacións, enfermidade, os días festivos, as pausas para as comidas e os tempos de viaxe entre o fogar e o traballo.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo: defínese coma o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo no territorio económico. Os resultados de emprego da Conta Satélite da Cultura mídense en postos de traballo equivalentes a tempo completo.

3.2. Fontes de información

A fonte de información básica para a elaboración da Conta Satélite da Cultura é o Marco Input-Output de Galicia⁹. Esta operación describe cal é a produción existente nunha economía, que ramas son as responsables, que produtos se producen, que bens e servizos se empregan na súa produción, e en que medida esa produción cobre os factores produtivos que interveñen no proceso. O Marco Input-Output está formado por un conxunto de táboas, entre as que destacan dúas para os propósitos da conta satélite: as táboas de orixe e de destino. Trátase de matrices por ramas de actividade e produtos nas que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos dunha economía con moito detalle.

A táboa de orixe ofrece unha imaxe detallada da oferta de bens e servizos por produto e tipo de oferente, distinguindo no caso da oferta interior a produción por ramas, e no caso da oferta importada os bens e servizos adquiridos a unidades non residentes. A táboa de destino amosa os empregos da oferta de bens e servizos; estes divídense en consumos intermedios, consumo final (dos fogares, das administracións públicas e das institucións sen fins de lucro), investimento (formación bruta de capital) e exportacións (vendas ao exterior). A táboa de destino reflicte, ademais, os diferentes compoñentes do valor engadido por rama de actividade.

Destas táboas obtéñense os valores das contas de produción, explotación, emprego e gasto en consumo final dos fogares e das administracións públicas, para o conxunto da economía e as distintas ramas de actividade cunha desagregación a dous díxitos da CNAE-2009. Como se comproba ao analizar as táboas 1 e 2, este nivel de desagregación non é suficiente para os propósitos da Conta Satélite da Cultura. Polo tanto, é necesario dispor doutras fontes de información (secundarias) que permitan medir cal é o peso da cultura en cada unha das ramas do Marco Input-Output. Estas fontes de información secundarias preséntanse no cadro seguinte:

⁹ Póde consultarse a metodoloxía desta operación no seguinte enderezo web:
http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_MIOGAL_2011_gl.pdf

Táboa 3. Fontes de información empregadas na elaboración da Conta Satélite da Cultura de Galicia

FONTE PRINCIPAL	
FONTE	ORGANISMO ENCARGADO
Marco Input-Output de Galicia	IGE
FONTES SECUNDARIAS	
FONTE	ORGANISMO ENCARGADO
Enquisa sectorial ao sector audiovisual e multimedia	IGE
Enquisa das empresas multilocalizadas en Galicia	IGE
Encuesta industrial de empresas	INE
Encuesta industrial de productos	INE
Encuesta anual de comercio	INE
Estadística de productos en el sector comercio	INE
Encuesta anual de servicios	INE
Estadística de productos en el sector servicios	INE
Anuario de estadísticas culturales	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte
Administración General del Estado en Galicia. Memoria	Delegación do Goberno en Galicia
Liquidación de los presupuestos de las entidades locales	Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas; Consello de Contas de Galicia
Liquidacións dos orzamentos da Administración Autonómica	Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia
Contas anuais das Empresas e Entes Públicos da Administración Galega	Varios organismos
Memorias económicas das universidades	Universidades da Coruña, Santiago e Vigo
Memorias de MUFACE, ISFAS e MUGEJU	Varios organismos
Memoria económica da Fundación Cidade da Cultura	Fundación Cidade da Cultura
Datos sobre Financiación de las Comunidades Autónomas y Ciudades con Estatuto de Autonomía	Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas
Encuesta de población activa (EPA)	INE-IGE
Afiliación de trabajadores al Sistema de la Seguridad Social	Ministerio de Empleo y Seguridad Social
Encuesta de presupuestos familiares (EPF)	INE
Estadísticas del comercio exterior	Agencia Tributaria (AEAT)

Entre as fontes anteriores, cabe destacar a Enquisa ao sector audiovisual e multimedia. Esta enquisa foi realizada polo IGE para obter a información necesaria para o ámbito do sector audiovisual; en particular, para obter os niveis das contas de produción e explotación e o emprego das ramas de actividade 59 e 60 (parte de mercado), e diferenciar os diferentes

sectores e fases da cadea produtiva da cultura nestas ramas. Os resultados desta operación non se publican separadamente; son utilizados exclusivamente como fonte de información para a Conta Satélite da Cultura de Galicia, as Contas Económicas Anuais e o Marco Input-Output.

3.3. Aspectos metodolóxicos

Como se mencionou arriba, o punto de partida para estimar tanto as magnitudes de oferta como as de demanda da cultura, é o Marco Input-Output de Galicia. En moitos casos, o nivel de desagregación necesario para a elaboración da conta satélite excede os niveis de información proporcionados por esta fonte. Por exemplo, na rama de actividade 18 “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, debemos diferenciar dúas partes: a división 18.1 “Artes gráficas e servizos relacionados con elas”, que se engloba no sector de libros e prensa, e a división 18.2 “Reprodución se soportes gravados”, que se engloba no sector de audiovisual e multimedia. Noutros supostos, coma no das actividades de comercio polo xunto e a retallo (ramas 46 e 47), só unha parte das mesmas está incluída no ámbito cultural.

Nestes casos, o procedemento a seguir consistirá en calcular uns coeficientes de ponderación, a partir das fontes secundarias, que permitan coñecer o peso do subconxunto de interese sobre a totalidade da rama. Este coeficiente aplicarase ás macromagnitudes estimadas no marco, para obter as correspondentes ao subconxunto cultural.

En termos matemáticos, o procedemento para calcular a parte das magnitudes do marco que corresponde ao ámbito cultural é o seguinte:

$$Vrc^{MIO} = \frac{Vr^{MIO}}{Vr^{OF}} * Vrc^{OF}$$

onde Vrc^{MIO} é a magnitude que queremos calcular, isto é, a estimación da parte da variable V (producción, consumos intermedios, etc.) da rama r do Marco Input-Output que corresponde á cultura; Vr^{MIO} é a estimación proporcionada polo Marco Input-Output para a variable V no conxunto da rama r; Vr^{OF} é a estimación proporcionada polas fontes de información complementarias para a variable V no conxunto da rama r; e Vrc^{OF} é a estimación obtida polas fontes de información complementarias para a variable V da parte vinculada á cultura da rama r.

Particularidades na estimación das magnitudes da oferta

Os coeficientes de ponderación a aplicar ás columnas da táboa de orixe do Marco (compoñentes da conta de produción e de explotación e emprego por ramas de actividade) obtéñense, fundamentalmente, das enquisas do Instituto Nacional de Estadística (INE): a *Encuesta industrial de empresas* e *Encuesta industrial de productos* para as ramas 18, 20, 26 e 32; a *Encuesta anual de comercio* e *Estadística de productos en el sector comercio* para as ramas 46 e 47; e a *Encuesta anual de servicios* e *Estadística de productos en el sector*

servicios para as restantes ramas, a excepción da 59 e da 60. Para a obtención das magnitudes correspondentes ás ramas 59 e 60 (parte de mercado) emprégase fundamentalmente a información obtida na Enquisa sectorial do sector audiovisual.

Ademais, na elaboración do Sistema de Contas de Galicia algunhas ramas desagreganse en dúas partes, unha de mercado e outra de non mercado. A produción de non mercado é, *grosso modo*, aquela que se subministra a outros axentes económicos de forma gratuíta ou a prezos economicamente non significativos¹⁰. Esta produción comprende, na súa meirande parte, os servizos prestados polas administracións públicas. Na Conta Satélite da Cultura de Galicia están involucradas tres ramas con parte de non mercado: a 60NM, a 84 e a 90_93NM.

A rama 60NM “Actividades de programación e emisión de radio e televisión” inclúese ao completo na conta satélite da cultura, pero distribuída entre dúas fases: a creación e a produción, por un lado, e a difusión, distribución e comercialización, polo outro. Para determinar que parte da rama corresponde a cada fase consultamos as memorias da principal empresa do sector, a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG).

No caso da rama 84 é preciso illar o valor das actividades de fomento, promoción e regulación das actividades culturais das restantes actividades deste tipo que realiza a Administración (regulación de actividades sanitarias, educativas e outros servizos sociais). As magnitudes das ramas 90NM e 91NM ofrécese conxuntamente coas da 92 e 93NM no Marco Input-Output de Galicia, polo que, neste caso, os esforzos céntranse en desagregar as catro divisións.

A valoración da produción de non mercado estímase a partir dos custos, polo que a principal fonte de información neste caso son as liquidacións orzamentarias da Comunidade Autónoma de Galicia e das corporacións locais. Destas fontes obtense o gasto das administracións públicas no territorio económico, clasificado dende unha dobre perspectiva: a económica (orixe do gasto), e a funcional (destino do gasto). Esta última é clave para delimitar que actividades forman parte da Conta Satélite da Cultura de Galicia. A clasificación funcional estrutúrase en catro niveis de desagregación: o grupo, a función, a subfunción e o programa.

No caso da Administración Autonómica inclúese dentro do ámbito da cultura unha parte do grupo IV “Produción de bens públicos de carácter social”; dentro del, analízanse as funcións 4.3 “Cultura” e 4.6 “Outros servizos comunitarios e sociais”, que recollen as seguintes subfuncións e programas:

¹⁰ Para unha explicación detallada, consultar o SEC-2010, capítulo 3.

Táboa 4. Estrutura das funcións 4.3 e 4.6 das liquidacións orzamentarias da Administración Autonómica galega

FUNCIÓN	SUBFUNCIÓN	PROGRAMA
4.3 Cultura	4.3.1 Administración xeral	431A Dirección e servizos xerais de cultura
	4.3.2 Creación, promoción e difusión cultural e infraestruturas	432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais
		432B Fomento das actividades culturais
		432C Fomento do audiovisual
		432D Publicacións culturais
4.3.3 Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	4.6.1 Comunicación social	461A Cobertura informativa e apoio á comunicación social
		461B Radiodifusión e TVG

No caso das corporacións locais, debe investigarse a función 33 “Cultura”, que inclúe as seguintes subfuncións:

- 330 “Administración xeral de cultura”
- 332 “Bibliotecas e arquivos”
- 333 “Museos e artes plásticas”
- 334 “Promoción cultural”
- 335 “Artes escénicas”
- 336 “Arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-Artístico”
- 337 “Ocio e tempo libre”
- 338 “Festas populares e festexos”

Neste caso hai que ter en conta que non todas as corporacións locais presentan o mesmo grao de desagregación funcional que se indicou arriba. Así, os concellos de maior tamaño teñen un nivel grande de desagregación da clasificación funcional, mentres que os concellos pequenos cumpren unicamente co nivel mínimo esixido e detallan a súa clasificación só a dous díxitos (a nivel de función).

Finalmente, para pechar o capítulo dedicado á estimación da parte de non mercado, existen certos entes, como a Fundación Cidade da Cultura, cuxa produción de servizos culturais de non mercado non está incluída nas liquidacións orzamentarias da Comunidade Autónoma galega. Neste caso, a fonte de información empregada son as súas propias memorias económicas anuais.

Particularidades na estimación das magnitudes da demanda

Dende o lado da demanda, o estudo céntrase na análise do gasto en produtos culturais, tanto por parte dos fogares, como por parte das administracións públicas. Unha vez máis, a referencia para elaborar as magnitudes de demanda será o Marco Input-Output de Galicia. Non obstante, o procedemento a seguir na estimación destas difire conceptualmente do comentado no enfoque da oferta. Neste, o punto de atención recaía sobre as industrias culturais, agrupadas en ramas de actividade. Para incluír unha empresa dentro do ámbito que nos atinxe, analizabamos que tipo de produtos realizaba e, se a súa actividade principal (aquela que xera maior valor engadido) pertencía ao ámbito da cultura, pasaba a formar parte da conta satélite. Pero hai que ter en conta que estas empresas poden fabricar, de forma secundaria ou auxiliar, produtos que non teñen nada que ver coa cultura. Tamén é posible que unha parte dos produtos culturais que se intercambian na economía galega proceda de empresas pertencentes a ramas de actividade non incluídas na delimitación do sector, ou mesmo que se trate de bens importados. Polo tanto, na análise da demanda o foco de atención non debe recaer nas industrias, senón nos produtos culturais, sen importar que estes sexan producidos de forma principal por unha empresa das chamadas culturais, ou, de forma secundaria ou auxiliar, por unha empresa pertencente a outra rama de actividade. Tampouco debemos limitarnos aos bens e servizos culturais producidos dentro do territorio económico de Galicia; debemos incluír, tamén, aqueles que proceden do comercio exterior.

No enfoque da demanda é preciso, ao igual que no caso da oferta, determinar que produtos forman parte do ámbito da cultura. Para elo utilízase a Clasificación nacional de Produtos por Actividades (CPA-2008), que agrupa a variada gama de produtos que fabrica unha economía en categorías, atendendo ás características dos mesmos. Esta clasificación é tamén a utilizada na elaboración e difusión do Marco Input-Output de Galicia, onde se ofrecen os resultados das principais magnitudes da demanda por produtos, cunha desagregación a dous díxitos da CPA-2008. Pero, ao igual que sucedía polo lado da oferta, atopamos que a desagregación desta clasificación non sempre resulta satisfactoria para os propósitos da conta. Por poñer un exemplo, a conta satélite da cultura inclúe a demanda do produto 77.22 “Aluguer de fitas de vídeo e de discos”; pero na matriz de destino do Marco dispomos de información agregada para o produto 77B “Servizos de alugueiro de maquinaria e equipo”, no que a división 77.22 só representa unha pequena parte do mesmo. De novo, o procedemento consiste en estimar uns coeficientes de ponderación a partir de fontes secundarias, que determinan o peso da cultura dentro de cada gama de produtos. Estes coeficientes multiplícanse polas filas da táboa de destino do Marco (compoñentes da demanda por produto) para obter o gasto en bens e servizos culturais.

No caso do gasto dos fogares, a fonte de información secundaria utilizada é a *Encuesta de presupuestos familiares (EPF)* do Instituto Nacional de Estadística (INE). Pero a clasificación de produtos utilizada nesta fonte non é a CPA-2008, senón a Classification of Individual Consumption According to Purpose, comunmente coñecida como COICOP, desenvolvida polas

Nacións Unidas. Por tanto, para calcular os coeficientes de ponderación do gasto en consumo final dos fogares é preciso establecer, primeiramente, unha táboa de equivalencias entre a CPA-2008 e a COICOP. Está táboa de equivalencias para os produtos culturais preséntase no cadro 5.

Táboa 5. Produtos COICOP incluídos na Conta Satélite da Cultura de Galicia e correspondencias coa CPA-2008

COICOP	DESCRIPCIÓN PRODUTO	CPA-2008
08.3.14	Servizos relacionados con internet	61
09.1.1.1	Equipos para a recepción, gravación e reprodución de son	26
09.1.1.2	Televisores e vídeos	26
09.1.2.1	Equipo fotográfico e cinematográfico	26
09.1.3.1*	Material de tratamento da información	62, 63
09.1.3.1*	Material de tratamento da información	28
09.1.3.1*	Material de tratamento da información	26
09.1.4.1*	Soporte para o rexistro de imaxe, son e datos	26
09.1.4.1*	Soporte para o rexistro de imaxe, son e datos	20
09.1.5.1	Reparación de equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e de procesamento da información	95
09.2.2.1	Instrumentos musicais	32
09.4.2.1*	Bailes, cines, teatros e espectáculos	90, 91
09.4.2.1*	Bailes, cines, teatros e espectáculos	59, 60
09.4.2.2	Museos, xardíns botánicos, bibliotecas e similares	90, 91
09.4.2.3	Cotas por licenza de radio e televisión; subscricións a redes por cable e satélite	59,60
09.4.2.4	Aluguer de televisión e vídeos	77
09.4.2.5*	Servizos para festas privadas, servizos fotográficos e servizos para animais domésticos	74
09.4.2.5*	Servizos para festas privadas, servizos fotográficos e servizos para animais domésticos	75
09.4.2.5*	Servizos para festas privadas, servizos fotográficos e servizos para animais domésticos	90, 91
09.5.1.1*	Libros non de texto	58
09.5.1.1*	Libros non de texto	18
09.5.2.1	Prensa	58

* Algúns códigos de produto da COICOP pertencen a varias categorías da CPA-2008 a dous díxitos. O reparto entre as distintas categorías da CPA realízase en base a uns factores de distribución establecidos internamente.

No caso do gasto en consumo final das administracións públicas recórrase ás liquidacións orzamentarias da Comunidade Autónoma galega e das corporacións galegas, así como

doutros entes e organismos públicos. Estas fontes xa foron explicadas no apartado correspondente ao enfoque da oferta.

4. Presentación de resultados

Na primeira edición da Conta Satélite da Cultura de Galicia ofrécense resultados referidos ao ano 2011, elaborados a partir do Marco Input-Output de Galicia de 2011, en base 2010. Os resultados difundidos son os seguintes:

- Achega ao PIB das industrias culturais
- Conta de produción das industrias culturais e peso da cultura na conta de produción da economía galega
- Conta de explotación das industrias culturais e peso da cultura na conta de explotación da economía galega
- Conta de produción (produción, consumos intermedios e VEB) por sectores culturais; peso de cada sector no total cultural
- Conta de produción (produción, consumos intermedios e VEB) por fases da cultura; peso de cada fase no total cultural
- Postos de traballo (totais, asalariados e non asalariados) por sectores culturais; peso de cada sector no emprego cultural
- Postos de traballo (totais, asalariados e non asalariados) por fases da cultura; peso de cada fase no emprego cultural
- Gasto en consumo final dos fogares en cultura
- Gasto en consumo final das administracións públicas en cultura